





PROXECTO DO ALBERGUE

NOSA SEÑORA DA SAÚDE

XUÑO 2017



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ALBERGUE

Os albergues son establecementos para o aloxamento de carácter temporal destinados a acoller persoas que non dispoñan de vivenda e carezan de medios para acceder a outro recurso residencial. O obxectivo do Albergue é facilitar aloxamento, manutención, asistencia e atención especializada a persoas sen fogar ou, en situación de exclusión social.

A atención prestarase dende un enfoque participativo que fomente a autonomía do usuario e a intervención individualizada. A intervención estará dirixida a mellorar as condicións de vida das persoas facilitando a súa incorporación social e ofrecendo oportunidades e acompañamento no proceso de acceso a plena cidadanía.


O albergue Nosa Señora Da Saúde conta cun total de 38 prazas, divididas en 26 prazas de homes e 12 prazas de mulleres.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ACCESO

O acceso ao albergue pode realizarse por distintas vías:





ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

DESTINATARIOS

O Albergue está destinado a todas aquelas persoas maiores de 18 anos en situación de exclusión ou de emerxencia social que, debido a sinistros na súa vivenda, carencias socioeconómicas, problemas de saúde ou graves conflitos convivenciais ou persoais, pasan por unha situación carencial aguda que inclúe a non disposición efectiva de fogar ou núcleo substitutivo daquel. Excepcionalmente, e por razóns de emerxencia, poderase dar acollida a menores sen acompañar, para o que será preceptivo comunicar esta circunstancia de maneira inmediata á unidade administrativa competente na área de menores.

As persoas maiores de 72 anos poden acceder ao recurso, pero realizárase unha intervención máis intensa, entendendo que teñen acceso a recursos idóneos de atención, polo que se fomentará a aceptación de praza en recursos residenciais.





ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

SERVIZOS

O Albergue oferta os seguintes servizos:





ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ATENCIÓN SOCIAL

O Servizo de Atención Social será o prestado pola Traballadora Social do Albergue Nosa Señora da Saúde que comprenderá as seguintes prestacións:





ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

O proceso de intervención debe ser emprendido de forma integral, abordando todas as dimensións da persoa.

Así mesmo, a profesional estará presente nos accesos ao albergue así como nas zonas comúns, para realizar detección de necesidades e comezar a intervención cos usuarios nun clima aberto, dinámico, onde se sintan máis cómodos, respectando os tempos marcados polos propios usuarios.

O Servizo de Atención Social desenvolverase de 08:30 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 horas de Luns a Venres.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Os usuarios que accedan ao albergue terán dereito a facer uso do mesmo durante 10 días consecutivos, tendo que esperar 30 días para voltar facer uso do mesmo.

Aquelas persoas que se ausenten durante a noite, deberán aportar xustificante da falta de asistencia (á mañá seguinte), que será valorada pola traballadora social do albergue, sendo xustificable: os ingresos hospitalarios, detencións pola policía nacional ou local e urxencias médicas.

Ademais, aquelas persoas usuarias, que pola súa situación, consideran que precisan pernoctar durante máis noites que as establecidas no albergue, poderán solicitar unha prórroga de estancia á traballadora social do Albergue, quen valorará de xeito conxunto coa persoa, a necesidade de prorrogar a estancia do usuario, sempre con carácter excepcional, e considerando que a concesión da prórroga resulta un apoio imprescindible no proceso de inserción/inclusión social da persoa usuaria. Tamén se valora a realización de excepcións de estancia, adiantando o período de carencia e permitindo o acceso antes do tempo establecido de espera. O servizo de albergue inclúe réxime de manutención a media pensión (almorzo e cea).





ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

HIXIENE

O servizo de hixiene estará aberto dende as 17:00h as 21:00h en horario de tarde, e de 08:00 a 08:30h en horario de mañá.

O servizo de duchas será diferenciado para cada sexo e será de carácter obrigatorio en horario nocturno (17.00-21.00). A cada persoa facilitaráselle un kit de hixiene completo para poder desenvolver a súa hixiene básica.

Fomentarase e motivarase ás persoas para o uso normalizado dos servizos de ducha, co fin hábitos de hixiene saudables, como parte do obxectivo de lograr a recuperación integral da persoa.

As persoas usuarias poderán, voluntariamente, voltar facer uso do servizo de duchas en horario de mañá (08.00 – 09.00h), especialmente, se teñen citas ao longo do día (UTS, MAP, Xulgados...etc.).

**Carácter
obligatorio**

**De 17:00 a
21:00 horas**

**Kit de
hixiene**



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

LAVANDERÍA

O servizo de lavandería está destinado a limpeza da roupa persoal e terá lugar todos os Venres. Os usuarios que queira empregar dito servizo, prepararán nunha bolsa 11 pezas de roupa (como máximo, non tendo a roupa interior) que queiran lavar e trasladarán a mesma ao espazo de lavandería do Centro. Polo noite recibirán a súa roupa lavada e seca na recepción do Albergue.

Todos os usuarios que pernocten no albergue teñen dereito a este servizo sen límite de prazas.

Carácter
opcional

Todos os
venres as
09.00 horas

11 pezas de
roupa



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ROUPEIRO

O servizo de roupeiro ten como finalidade cubrir as necesidades de roupa e calzado que puideran presentar as persoas usuarias do albergue.

O servizo de roupeiro terá lugar os Martes e Mércores as 09.00h. Os usuarios que queiran acceder a dito servizo deberán solicitar a súa inscrición o mesmo día coa Traballadora Social e presentarse as 09.00h na porta do albergue, sendo acompañados pola mesma ao Servizo.

No Roupeiro poderán acceder a todas aquelas prendas de vestir que precisen e proporcionarse unha bolsa coas prendas solicitadas polos usuarios, as cales poderán levarse á rua, ou deixar na recepción do albergue para recollelas pola noite.

Excepcionalmente, poderá accederse a dito servizo fora dos horarios e días establecidos ante situacións de emerxencia e citas destacadas (por exemplo, entrevistas laborais).

ROUPEIRO

- MARTES E MÉRCORES AS 09.00 HORAS
- SOLICITUDE PREVIA Á TRABALLADORA SOCIAL
- CARÁCTER OPCIONAL

ROUPEIRO DE EMERXENCIA

- PERSOAS QUE ACUDAN SEN PERTENZAS.
- PERSOAS QUE ACUDAN EN SITUACIÓNS HIXIÉNICAS POUCO AXEITADAS



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

PERRUQUERÍA

O servizo de Perruquería do Albergue terá como finalidade proporcionar un servizo de corte de peiteado gratuíto para todas aquelas persoas usuarias que o precisen e se atopen facendo uso do albergue.

O servizo de Perruquería terá lugar todos os xoves as 09.00h. Previamente a dita hora, os usuarios que queiran acceder a dito servizo deberán informar á traballadora social, quen, os acompañará ao espazo de perruquería do centro.

Carácter
opcional

Xoves as 09.00h

Solicitud previa
á Traballadora
Social



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

CONSIGNA

A Consigna é o espazo onde as persoas usuarias do albergue poderán gardar as pertenzas persoais mentres pernoctan no centro.

Cando os usuarios accedan ao albergue e teñan un número de cama asignado, proporcionaráselle a chave dun armario, o cal empregará como consigna durante as noites que pernocte no recurso. Ditas chaves deben ser entregadas todas ás mañás ao persoal colaborador do albergue, e serán devoltas todas as noites.

En caso de marchar do recurso, e non recoller as súas pertenzas, as persoas usuarias contarán con 7 días para recoller as mesmas, ou se considerarán abandonadas e se trasladarán ao roupeiro do centro, salvo excepcións como ingresos hospitalarios.

10 días

Pertenzas na
habitación
(armarios)

7 días para
recoller as cousas
tras a saída do
recurso



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ENDEREZO POSTAL

Este servizo permite cubrir as necesidades de enderezo postal das persoas sen fogar, ou en risco de exclusión social.

Para as persoas sen fogar, resulta importante ter unha dirección que lle facilite o acceso a recursos da comunidade, así como poder recibir a correspondencia de todos os ámbitos da súa vida, tanto persoal, como administrativa, médica, xudicial... etc.

As persoas destinatarias serán os usuarios do Albergue Nosa Señora Da Saúde, e o acceso ao servizo realizarase a través da solicitude das persoas usuarias, e valoración conxunta coa traballadora social do mesmo.

As persoas usuarias que utilicen este servizo deberán asinar os correspondentes documentos de autorización ou de solicitude de acceso ao mesmo, onde constarán os seus dereitos e deberes. O tempo deste servizo será de dos meses prorrogable.

Será a persoa usuaria a encargada de corroborar se existe correspondencia ao seu nome, solicitando información sobre este aspecto a traballadora social. Se a persoa usuaria non renova o Acordo de dirección Postal no tempo estipulado, será dada de baixa neste servizo.

Solicitud á
Traballadora
Social

Duración de 2
meses

Prórrogas ata
completar 1
ano



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

FARMACIA

Aqueles usuarios que teñan un tratamento farmacolóxico pautada polo seu médico de atención primaria ou especialistas e non teñan medios económicos para sufragar a mesma, poderán obtela a través do Servizo de Farmacia do Centro, sempre e cando presenten a folla de medicación activa ou informe médico onde conste a pauta médica e só durante a súa estancia no recurso.

Así mesmo, tamén poderán ser destinatarios deste servizo aqueles usuarios nos que se detecten dificultades para realizar unha toma do tratamento farmacolóxico axeitada. Esta valoración será realizada pola Traballadora Social do albergue e as DUES do Servizo de Sanitario.

Solicitud a
Traballadora Social

Valoración polo servizo
de atención sanitaria

Presentar folla de
mediación activa ou
informe médico onde
conste a pauta
farmacoloxica

Posibilidade de toma
de tratamento
presencial



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

SERVIZO DE ATENCIÓN SANITARIA

As persoas usuarias do servizo de albergue que así o demanden, poderán ser derivados ao servizo de atención sanitaria.

Dito servizo conta cun médico e dúas DUES.

As persoas sen fogar sofren na súa meirande parte, situación de vulnerabilidade sanitaria, carecendo do acceso a dito sistema, ou non recibindo atención continuada. Dende este servizo preténdese a cobertura das necesidades sanitarias das persoas usuarias: curas de feridas, toma de temperatura, asistencia ante unha urxencia... etc.

Todas aquelas persoas que precisen de dita atención avisarán á traballadora social do centro ou as persoas voluntarias que están no mesmo. Consultarase o caso coas DUES, quenes determinarán a intervención sanitaria máis idónea.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

APOIO NA BÚSQUEDA DE VIVENDA

Un elevado porcentaxe de persoas que acceden ao recurso de albergue, perciben unha prestación de escasa cuantía e atópanse con dificultades para poder alugar unha vivenda (prezos, contratos, seguros de alugueiro, fianza, estigma social... etc.).

Dende este servizo preténdese apoiar aos usuarios na realización da búsqueda dun aloxamento axeitado ás súas necesidades e situación económica.

No taboleiro de anuncios que se atopa na “Sala de estar”, actualízase a información exposta sobre aloxamentos, actualizando á mesma unha vez á semana.

Os usuarios poderán solicitar apoio na súa búsqueda a través do Servizo de Atención Social.

Así mesmo, e nos casos en que así se valore por parte do Equipo, pódese realizar o acompañamento da persoa usuaria na visita ás habitacións, para evitar o estigma e discriminación que rodea ao colectivo que nos ocupa.

Así mesmo, e baixo solicitude previa, as persoas usuarias poderán empregar a Sala de Informática dúas veces á semana para realizar unha búsqueda de aloxamentos dispoñibles a través de internet co apoio e supervisión da Traballadora social.

Actualización
información exposta
unha vez á semana

Apoio e
acompañamento na
búsqueda por
valoración do equipo
técnico.

Servizo de carácter
opcional



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ORIENTACIÓN LABORAL

O programa se centra na creación dun servizo de información, e orientación para o emprego, dirixido a un colectivo en situación de desigualdade, vulnerabilidade e/o exclusión social. Este servizo servira para fomentar a adquisición de ferramentas e habilidades laborais básicas, co fin último dunha axeitada inserción laboral. Ademais non podemos esquecer que en moitos casos será preciso traballar paralelamente as habilidades sociais, hixiene, hábitos saudables,...

Este programa está dirixido a persoas risco ou situación de exclusión social usuarias do Albergue e Casa Repouso.

Está dirixido a xoves, mulleres e homes en situación de risco de exclusión social, con carencias formativas e, por tanto, dificultades para acceder o mercado laboral. Persoas de entre 18 e 64 anos de idade.

A metodoloxía será activa e participativa, valorando cada caso individualmente mediante entrevistas. Isto será a porta de entrada para o comezo da intervención, que nun primeiro momento dedicamos para fortalecer as habilidades básicas para conseguir o obxectivo último que é a inserción laboral. Faranse simulacións de entrevistas de traballo, e ensinaráselles a confeccionar un currículo vitae e unha carta de presentación correctamente. A isto sumaráselle a posibilidade de acompañamento na búsqueda de ofertas e prospección laboral.

Ofrecese tamén a disposición dos usuarios a posibilidade de imprimir os seus currículos, as cartas de presentación e sobres para as saídas programadas para entrega de currículos. Os usuarios/as tamén terán total disposición da utilización da sala de ordenadores, coa supervisión, asesoramento dos profesionais para recadar información sobre as empresas e mellorar e aumentar a súa rede de búsqueda activa.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

SERVIZO DE EMPADRONAMENTO

Este servizo permite cubrir as necesidades de empadramento das persoas sen fogar, ou en risco de exclusión social.

Para as persoas sen fogar, resulta imprescindible este trámite administrativo obrigatorio no noso país, xa que posibilita o acceso aos sistemas de protección: servizos sociais, sanitarios, seguridade social... etc.

Así mesmo, o empadramento permite á persoa usuaria iniciar un proceso de arraigo social, xerando sentimento de pertenza, asentando así as bases que permitan unha intervención dirixida a xerar verdadeiros procesos de inclusión social.

O acceso ao mesmo xestionarase a través da traballadora social.

As persoas usuarias que utilicen este servizo deberán asinar os correspondentes documentos de autorización ou de solicitude de acceso ao mesmo, onde constarán os seus dereitos e deberes. O tempo deste servizo será de tres meses prorrogables ata alcanzar o ano.

A persoa usuaria deberá acudir para renovar o acordo de empadramento cada tres meses e indicar a continuación da situación de rúa, ou a imposibilidade de empadramento no domicilio no que se atopa.

Solicitud á
Traballadora
Social

Duración de 3
meses

Prórrogas ata
completar 1
ano



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
 Centro Benéfico-Social
 HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
 Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
 Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
 E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

CRONOGRAMA

ACTIVIDADE/ SERVIZO	HORARIO	DÍA/SEMANA						
		L	M	MR	J	V	S	D
Acollida e asesoramento	08.30-13.30 17.00-19.00							
Aloxamento	17.00-09.00							
Acceso	17.00-19.00							
Almorzo	08.30-09.00							
Cea	19.00							
Hixiene	17.00-21.00 08.00-08.30							
Lavandería	09.00							
Perruquería	09.00							
Roupeiro	09.00							
Roupeiro de Emerxencia	08.30 – 09.00 17.00 – 22.00							
Atención Social	08.30 – 13.30 16.00 – 19.00							
Apoio na Búsqueda de Vivenda	08.30 – 13.30 16.00 – 19.00							
Farmacia	08.00 – 09.00							



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
 Centro Benéfico-Social
 HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
 Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
 Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
 E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ACTIVIDADE/	HORARIO	DÍA/SEMANA
	17:00 – 21:00	
Orientación laboral	08:30 – 13:30 16:00 – 19:00	
Enderezo postal	08:30 – 10:00 17:00 – 19:00	
Empadroamento	08:30 – 10:00 17:00 – 19:00	
Atención Sanitaria	08:00 – 21:00 S: 07:30 – 14:00	
Acompañamento Social	08:30 – 13:30 16:00 -19:00	
Consigna	24 h durante 10 días	



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

ACTIVIDADES

BIBLIOTECA

Os usuarios acceden ao Albergue a partir das 17:00 horas, e non se produce o apagado de luces ata as 22.00h. Durante todo este tempo, resulta importante ofertar ás persoas usuarias alternativas de ocio saudables.

Por este motivo, porase en marcha a Biblioteca do Albergue, con rexistro de préstamo de libros. Todos os usuarios poderán acceder a dito servizo nos horarios de apertura do albergue. O préstamo de libros terá unha duración de dous meses.

XOGOS REUNIDOS

Na Sala Multiusos, destinarase un espazo para que os usuarios poidan desfrutar de alternativas de ocio con xogos populares e tradicionais (Trivial, Party, Axedrez, Parchís, Xogo da Oca... etc.).

VIDEOFORUM

Proporcionarase unha alternativa de ocio relacionada co cine. Unha vez á semana, os usuarios poderán disfrutar dunha película de entre un catálogo, decidida entre todas as persoas usuarias. A proxección terá lugar as 17:00 horas e realizarase unha sesión aberta posterior onde se realizará unha análise da proxección.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

FESTEXOS E DÍAS SINALADOS

No albergue realizaranse actividades especiais polas distintas festividades que teñen lugar en España e en Galicia, coa idea de crear espazos dinámicos de ocio saudable, á vez que se realiza unha actividade didáctica.

As festas que se celebrarán serán: Carnaval, Día das Letras Galegas, Os Maios, San Xoan, Magosto, Nadal, Día Mundial do VIH, Día Mundial das Persoas Sen Fogar...

A celebración terá que ver coa temática da festividade: creación de caretas ou cabezudos en Carnaval e desfile polo centro, Lectura de literatura galega, sesións informativas... etc.

O xeito de celebrar as festividades será decidido nas distintas Asembleas do Albergue.

AULA DE INFORMÁTICA

Os usuarios que así o desexen, poderán empregar a Aula de Informática do Centro baixo supervisión, tanto para realizar unha búsqueda activa de emprego, búsqueda activa de vivenda, contacto a través das redes sociais cos vínculos familiares que poidan existir...etc.

A Traballadora Social do Centro ou persoal voluntario estará na Aula para solventar calquera dúbida e prestar apoio a aqueles usuarios que o precisen.

Dito espazo, poderá ser empregado os Martes e Xoves de 16:00 a 18:00 horas. No futuro, realizaranse obradoiros de informática básica destinados aos usuarios do Albergue.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

COORDINACIÓNS

As coordinacións fanse imprescindibles para levar a cabo o seguimento, organización, desenvolvemento e planificación axeitada do Albergue. Estableceranse mecanismos de comunicación interna e externa para o establecemento de liñas de intervención e colaboración.

COORDINACIÓN INTERNA

A coordinación interna do Equipo realízase a través de reunións semanais onde se planifican os acompañamentos das próximas semanas. En dita reunión participan os equipos social (de inclusión) e sanitario do centro.

Así mesmo, o equipo reúnese para valorar a derivación de novos casos de acceso a Casa de Acollida.

A coordinación entre a Traballadora Social responsable do Albergue, e o persoal colaborador que está no recurso en horario nocturno será diaria e presencial. O persoal colaborador comunicará á Traballadora Social as altas, baixas, incidencias ou conflitos acontecidos durante a noite para que poida realizar a intervención que valore necesaria.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

COORDINACIÓN EXTERNAS

O Albergue N^a S^a da Saúde actúa en coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios, tanto básicos como específicos, Servizos Sociais Especializados, recursos da rede de atención a persoas sen fogar, recursos de iniciativa social e recursos doutros sistemas: sanitario, xudicial, seguridade social... etc.

Dende o noso recurso, considérase que o traballo máis positivo e que aporta maiores vantaxes, tanto para os usuarios como para os profesionais, e, sen dúbida, o traballo en rede.

Este tipo de coordinacións posibilitan a creación de espazos de intercambio e reflexión entre os distintos profesionais para establecer criterios e liñas de intervención común evitando situacións de dependencia institucional e de confusión do usuario.

Entendemos que o obxectivo do traballo en rede é lograr a corresponsabilidade e o compromiso de todos os axentes na intervención que estamos a realizar PARA e CON a persoa usuaria.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

SISTEMAS DE PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS

En cumprimento da Orde do 25 de Xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social establécense canles efectivos de participación das persoas usuarias.

Enténdese a participación da persoa usuaria como un dereito da mesma e como una obriga das entidades prestadoras de Servizos Sociais.

Por elo, créanse os seguintes canles de participación para os usuarios:

- O Regulamento de Réxime Interno estará exposto na recepción do albergue, para que os usuarios poidan facer uso del cando o estimen oportuno. Así mesmo, entregarase unha copia do mesmo a aqueles usuarios que o soliciten.
- Libro de reclamacións
- Buzón de suxerencias: Establecerase na “Sala de Estar” un buzón onde os usuarios poderán introducir as suxerencias sobre o funcionamento do servizo.
- Asembleas semanais: Unha vez á semana, realizarase unha asemblea onde participarán a Traballadora Social do Albergue e todas as persoas usuarias que se atopen facendo uso do mesmo e queiran expresar as súas inquedanzas, queixas, suxerencias, melloras... etc. Nestas Asembleas tratarase que as persoas usuarias poidan expresarse con liberdade, entendendo que son elas quenes empregan o recurso, e polo tanto, quenes mellor poden indicar as necesidades de melloras que se poidan realizar. Das Asembleas, realizarase un Acta onde constarán: lugar e data, persoas participantes, orde do día, e acordos aos que se chega. A acta será entregada á Dirección do Centro ao día seguinte para valorar as propostas que se poidan poñer en marcha.
- Enquisa de satisfacción/ avaliación do servizo e profesionais.



ALBERGUE NTRA.SRA DE LA SALUD
Centro Benéfico-Social
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES
Avda. de Galicia, 160 Vigo – Pontevedra
Tlf. 986.451.885 y 452100; Fax: 986453519
<http://hermanosmisioneros.org>
E-mail: albergue@hermanosmisioneros.org

Consideramos que proporcionar aos usuarios a voz que a sociedade lles quita, enriquecerá o funcionamento do servizo, permitíndonos adaptarnos ás novas necesidades e inxerencias das persoas que o empregan, manténdonos en continuo dinamismo e adaptación.

Reglamento
de Réximen
Interno

Buzón de
Suxerencias

Asambleas
semanais

Libro de
reclamacións

Cuestionario
de opinión